



CIRCULAR 59-2023. **CONTROL FGA MÓDULO CUBERTO – 01/05/2023**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Control FGA o día 1 de maio de 2023, no módulo cuberto do IFEVI (Vigo).

Art.2).- Poderán participar atletas con licenza na presente tempada pola FGA.

- A admisión realizarase por criterio de marcas. No caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://sdp.rfea.es/>) ata as 20:00 horas do **venres 28 de abril (prazo ampliado)**.

- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2022 e 2023.
- Existirá unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Pasadas 24 horas da publicación de atletas admitidos, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición.

Art.4).- Horario Provisional:

HORARIO PROVISIONAL CONTROL FGA MÓDULO CUBERTO – 01/05/2023					
Carreiras	Hora	Altura	Peso	Lonxitude	Pértega
50 m Sub 10	10:00	Sub14/16 H	Sub 12 M	Sub 12 H-M	Sub 14 H-M
	10:40		Sub 12 H		
	11:00			Sub 14 H-M	
60 m Sub 12	11:25	Sub14/16 M	Sub 10 H		
	12:00		Sub 10 M	Triplo Sub 14-16	Sub 16 H-M
60 m Sub 14	12:50				

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma totalmente visible.

Art.6).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:



- Nas 48 horas previas e no propio campionato, calquera baixa ou a non participación final, terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA a competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2023.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 euros por atleta con datos falsos.
- Inscricións fora de prazo: 3 euros de recargo. A súa aceptación será competencia do director técnico, podendo ser esta denegada.

Art.7).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 25 de abril de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo